

CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN, PROCECEMENTOS E CONTIDOS LINGUA GALEGA 3º ESO

O departamento de Lingua Galega e Literatura establece unha relación de competencias mínimas comúns para todos os cursos de Educación Secundaria Obrigatoria e , ademais destes, os mínimos que os alumnos deben cumprir en cada un dos cursos para poder superar positivamente a materia.

Son mínimos comúns para todos e cada un dos cursos os seguintes:

- Dominar as regras básicas de ortografía.
- Identificar as diferentes clases de palabras e coñecer as formas correctas de cada clase.
- Coñecer a conxugación verbal, tanto de verbos regulares como irregulares.
- Saber resumir e esquematizar un texto.
- Coñecemento básico do léxico galego, así como as fórmulas de definición dos diferentes tipos de palabras.
- Dominar, de forma gradual, as funcións sintácticas, identificalas correctamente, así como as diferentes unidades que poden desempeñan estas funcións.
- Redactar con orde, claridade e corrección.
- Realizar as lecturas dos libros indicados para cada un dos cursos.
- Iniciarse no comentario de textos literarios que comprenden o programa de literatura deste curso.

Son específicas as seguintes competencias en canto aos contidos para 3º ESO:

Tendo en conta que o programa de terceiro curso reforza e amplía o dos dous cursos anteriores, o alumnado de 3º de E.S.O. deberá:

- Dominar a morfoloxía (desde o substantivo ata a conxunción).
- Coñecer a estrutura das palabras e formar as súas familias léxicas.
- Ter datos sobre as diferentes etapas da historia da lingua.

-Dominar as estruturas sintácticas simples e coñecementos básicos das compostas.

-Ademais de distinguir os diferentes tipos de textos, vistos xa noutros cursos, deberá diferenciar os xéneros literarios, sobre todo a lírica, así como as figuras literarias básicas.

-Deberá coñecer os datos e características máis importantes da nosa literatura popular, da literatura medieval (distinguir e analizar os tipos de cantigas) e do noso Rexurdimento (Rosalía, Curros e Pondal).

Criterios e procedementos de cualificación:

- Polas **probos escritas** realizadas ao longo das avaliacións ordinarias, poderá obterse un máximo de **7 puntos**. Poderán realizarse ata dúas probas por trimestre que farán media entre si. Se nalgún trimestre, por falta de tempo ou por causas alleas á programación, non se puidesen realizar dúas probas, a nota sería a do único exame, que tería o valor máximo de 7 puntos.
- O outro 30% da nota repartirase do seguinte xeito:
 - 10% --- proba escrita ou oral que tratará sobre un **libro de lectura trimestral** ou traballo proposto sobre a lectura: **1 punto**.
 - 10% --- traballo na casa e na clase, proceso de creación e composición de textos escritos, caderno en orde e completo e actitude amosada ante a materia e a propia lingua: **1 punto**.
 - 10% --- emprego da lingua galega de forma oral e actitude positiva cara a esta. **1 punto** que poderá contar da seguinte maneira:
 - 0,5 traballos de exposición oral** empregando a lingua de forma axeitada, coherente e correcta.
 - 0,5** da observación do **uso cotián da lingua** na participación na aula.

Puntualizacións importantes:

- A **corrección ortográfica, gramatical, léxica ou sintáctica** será tida en conta nos traballos entregados, tanto os feitos na casa como os realizados

na aula, así como nas probas escritas que se realicen ao longo do curso. Así mesmo, a corrección neste sentido avaliarase nos propios exames e traballos.

-Traballarase cun sistema de **avaliación continua** polo que **non se contemplan exames de recuperación por avaliacións.**

- Ao final do terceiro trimestre deseñarase unha proba de **recuperación** para quen teña **unha, dúas ou tres avaliacións suspensas.** Polo tanto, ter superada unicamente a última avaliación non implica ter aprobada a materia.

- Si se poderán **recuperar** ao longo dos trimestres as **lecturas, os traballos para entregar e completar as partes do caderno que cumpra.** Tendo estas partes a súa nota proporcional segundo os criterios de cualificación. Non se recuperan as exposicións orais se non se fixeron a data acordada.

- Non terá que realizar a recuperación aquel alumnado que teña un **5 de media** entre os tres trimestres. Para facer media deberá de ter unha nota de 3 nas avaliacións.

- A nota da terceira avaliación non ten por que coincidir coa nota ordinaria final. Xa que esta obterase facendo a media das tres avaliacións.

- A nota final será a media das tres avaliacións.

- Copiar traballos ou exames implica unha nota de 0 nese traballo ou exame.

PROCEDIMENTO DE SEGUIMENTO, RECUPERACIÓN E AVALIACIÓN DAS MATERIAS PENDENTES

Segundo o artigo 13.5. da Orde do 25 de xaneiro de 2022 pola que se actualiza a normativa de avaliación nas ensinanzas de educación primaria, de educación secundaria obrigatoria e de bacharelato no sistema educativo de Galicia: «Ao longo de cada curso realizaranse para cada grupo dúas sesións de avaliación parciais. Así mesmo, farase o seguimento da recuperación das

materias pendentes, se for o caso. A derradeira destas tres sesións poderá coincidir coa avaliación final do período ordinario. Haberá, así mesmo, unha sesión de avaliación logo da realización das probas extraordinarias. A avaliacións finais ordinaria realizaranse nas datas que se determinen na norma que estableza o calendario escolar para cada curso».

Para demostrar que adquiriron os mínimos de consecución e as aprendizaxes imprescindibles para superar a materia, poderán realizar unha proba extraordinaria, no mes de maio. Pero será ao longo de todo o curso, xa dende outubro cando se faga un seguimento do traballo que deberá realizar este alumnado.

Teranse en conta estes aspectos:

-O alumnado pendente deberá superar os mínimos de consecución marcados na programación do curso no que estea suspenso. Debe entregar en tempo e forma os boletíns cos traballos que encomende o profesorado. E, se non supera os obxectivos marcados pola/o docente, poderá presentarse á proba escrita no mes de maio.

-A realización das actividades do plan de reforzo en forma e prazo pode eximir a/o alumna/o de realizar a proba escrita unicamente se o desenvolvemento no curso actual é o adecuado (superación da materia do curso actual, cando menos, primeiro e segundo trimestres de 3º ESO aprobados) e así o considera a docente.

As porcentaxes que se aplicarán serán as seguintes:

-Táboa de indicadores (boletín de exercicios): terá o valor de ata o 50% da nota, sempre que estea feito correctamente.

-Proba escrita: terá o valor de ata o 50% da nota.

A superación da materia nun curso superior, significará o aprobado da materia suspensa no nivel inferior. Polo tanto o alumnado que vaia superando a materia de 3º de ESO ao longo do curso, terá acadados os obxectivos do curso anterior e non se terá que presentar á proba escrita, sempre e cando presente os boletíns de exercicios correctamente elaborados.